Ideas para integrar A IGUALDADE DE XÉNERO no tempo libre

A EDUCACIÓN NON FORMAL CON lentes violetas

Aventeira
COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

A IGUALDADE DE XÉNERO no tempo libre

Este ano compartimos campamentos, formacións, encontros e outros espazos de tempo libre con moitas persoas interesadas na educación en igualdade. Con elas, de elas, aprendemos. Traemos aquí achegas propias e alleas que, pensamos, poden contribuír a que as mulleres e as identidades e orientacións disidentes camiñen das marxes ao centro da vida e que todas, todos e todes reflexionemos sobre os límites que nos impón a nosa socialización de xénero. Porque queremos que o tempo libre e o mundo sexan lugares onde tódalas persoas poidamos ser máis libres, máis nós.

A EDUCACIÓN NON FORMAL CON *lentes violetas*

Ideas para integrar a perspectiva de xénero

Aventeira COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER
Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

Nomes e pronomes

Cando nas listaxes de participantes algunha persoa figura polo seu *deadname* (un nome asignado ao nacer que non emprega porque non se corresponde co xénero co que se identifica), facer ao equipo consciente e mudalo de cara ao grupo é unha cuestión importante. Tamén dar un espazo para coñecer con que pronome se sinte identificada cada persoa, sen facer que as persoas non binarias teñan que expoñerse de xeito exclusivo.

Aventeira COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER
Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

Sen prexuízos

Educar na liberdade e na igualdade é revisarnos á nos mesmas tamén. Cómpre evitar frases e preguntas que dean por feito a orientación sexual das persoas participantes, a súa identidade, a súa maneira de entender os marcos relacionais

Está ben xerar conversas informais sobre todas as cuestións que lles preocupen, pero sen trasladarlles miradas que dean por feito un só xeito de ser e de querer.

Baños para todes e con coidados

Recomendamos contar con baños para elas e para eles, pero tamén cun baño para tódalas persoas. Habilitar este espazo permite escapar de binarismos que poidan supor unha escolla incómoda para algunha persoa participante. Coidado aquí! Este baño debe contar con lixeiras en tódolos cubículos. E, se non é posible polas características da instalación, pódense habilitar horarios diferenciados para o momento das duchas.



Coidados mestruais

Incluír nos baños unha caixa de coidados menstruais con compresas, salvaeslips e tampóns permite que as persoas que comezan a experimentar esta realidade nos seus corpos poidan achegarse aos diferentes recursos con normalidade e iniciar conversas, mesmo compartindo e socializando as súas escollas individuais coas compañeiras.

Aventeira COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER
Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

Abordar a menstruación

Ter nos espazos de tempo libre recursos menos coñecidos para tratar a menstruación, como copas, compresas de tela, bragas e/ou traxes de baños menstruais faculta o coñecemento dun abano máis amplo de posibilidades para adaptarse ás súas necesidades. Crear momentos de lavado menstrual colectivo, para evitar as vergoñas asociadas ao manchado de toallas ou prendas de roupa, é tamén unha boa ferramenta.



Palabra clave

Nun espazo de convivencia tan estreito como o que se xera en moitas actividades de tempo libre é normal que aparezan momentos incómodos e difíciles para as persoas participantes en canto á superación de límites persoais.

Un bo xeito de achegalos á importancia do consenso e da verbalización dos límites é introducir unha palabra clave para alertar dunha situación na que non se quere estar. Deste xeito, estamos enchendo a súa mochila de competencias que, sen unha relación aparente co eido afectivo-sexual, poida servir tamén para a súa vivencia desa realidade.

Comunicación coas institucións



Ás veces chegan aos espazos de tempo libre realidades ben difíciles. Non deben quedar aí. As institucións poden ser boas aliadas -sempre que non sexan a orixe do problema-. Manter unha canle de voz aberta dende a confianza pode axudar a que as familias nos trasladen inquedanzas e problemáticas que, dende o tempo libre, podemos traballar e ter en conta e así construír un traballo conxunto, de seguro moito máis significativo. E contar cunha boa comunicación coas administracións permite unir criterios e buscar solucións ante cuestións que escapan ás nosas competencias.

A IGUALDADE DE XÉNERO

no tempo libre

9/11

Referentes simbólicos

No tempo libre adoramos ambientar as nosas actividades. Levantarnos sendo superheroínas e deitarnos disfrazados de árbore forma parte dese compoñente máxico que constitúe a esencia do que facemos. Con todo, as ambientacións ás que recorremos non son neutras. Cómpre ser consciente e facer por mudar esta cuestión. Visibilicemos referentes de todo tipo, para evitar reproducir nós tamén a estrutura da maioría de filmes, debuxos e historias dun pasado patriarcal.

A EDUCACIÓN NON FORMAL CON *lentes violetas*

Ideas para integrar a perspectiva de xénero

Aventeira COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER
Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.

Espazo para experimentar

O tempo libre ofrece a posibilidade de probar deportes que nunca se fixeran, facer amigas doutros contextos sociais e tamén ser a persoa que se queira ser sen o peso das vivencias sociais pasadas. Por iso pensamos que é positivo crear espazos de creatividade e de respecto onde, dende a ollada artística (teatro, baile, debuxo, etc.) cadaquén poida dar resposta ás súas inquedanzas e experimentar co seu corpo e co seu maxín. Se queremos evitar as discriminacións, construír lugares para ser máis libres, en tódolos sentidos, son un bo punto de partida.

A IGUALDADE DE XÉNERO no tempo libre

11/11

Máis ideas?

- Que máis facedes vós?
- Que vos resultou interesante no pasado?
- Que ideas tedes previsto probar?

Acción enmarcada dentro do proxecto subvencionado nun 80% pola Deputación da Coruña, cun importe de 14.140,84 euros, a través do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2022.

A EDUCACIÓN NON FORMAL CON *lentes violetas*

Ideas para integrar a perspectiva de xénero

Aventeira COOPERATIVA DE EDUCACIÓN E LECER

Deputación DA CORUÑA
Chegar a cada concello, estar con cada persoa.